

# A mellor sorpresa

Daniel Iglesias Domínguez



*Que felicidade, deitarse o venres sabendo que ao día seguinte non hai escola e non hai que madrugar, e que gran desgusto cando me espertan e almorzo cun ollo aberto e o outro pechado. Doume conta que no reloxo da cociña son as 8:00 da mañá.*

*Meus pais dinme que é por unha boa causa, que hai unha gran sorpresa e que pagará a pena madrugar un sábado. Así que, enfadado e de mala gana, almorzo e, unha vez que remato, vou prepararme para ir coñecer “a gran sorpresa”.*

*Subimos ao coche e despois de non sei canto tempo (porque quedei durmido), esperto cun “Veña, que imos andando”... Outra sorpresa... un paseo a non sei que hora, a non sei onde e cun frío co que nin sequera sinto as pernas.*

*A miña rabia aumenta porque esas pequenas sorpresas estanme matando.*

*Chegamos ao obxectivo, que é a estación de tren e temo o peor, porque despois de madrugar e andar tanto xa non sei que pensar... Teño medo de que me fagan correr detrás do vagón, porque xa postos...*

*O último que se me ocorre non é así (menos mal), así que, xa dentro do vagón e sen saber a dirección, volvo durmir co chacachá do tren, espertando cando chego ao meu destino, que é en Santiago, pero aínda non sei cal é a “gran sorpresa”.*

*A situación non deixa de dar-me medo e con razón. Cando me din “imos”, pónome a tremer, porque a outra vez, non recordo canto tempo pasou, pero entre o sono, o frío e o cabreo, paréceme que me están castigando por algo que aínda non sei que é.*

*Camiñando durante moito tempo chegamos ao noso destino, que non é outro que a Praza do Obradoiro.*

*A miña rabia remite, porque me gusta ir de excursión por alí e, ademais, o día xa non é tan frío, e o sol brilla como fai tempo que non o vexo.*

*Ao chegar á Praza do Obradoiro dirixímonos á entrada da Catedral de Santiago, pero non á entrada principal, senón a unha porta situada á esquerda desa entrada, para o que temos que subir unhas escaleiras.*

*Non sei que pasa alí, ou se regalan algo porque a cola é enorme, pero entramos dentro porque o meu pai, (que é a persoa que máis odia facer cola, xa está preparado con antelación). Ensina o seu móbil, onde ten os códigos das entradas que mercou hai días dende a casa, e déixanos pasar (si, saltándonos a cola...). Pouco despois de entrar comeza a sorpresa, que é subir ao tellado da Catedral, cousa que na miña vida pensei que se podía facer, pero esa ilusión vai desaparecendo cando comezo a subir as escaleiras.*

*Non sei cantas escaleiras subín, pero estou completamente seguro de que me acaban de validar o Camiño de Santiago na súa totalidade, porque na miña vida subín tantas escaleiras.*

*Cando rematamos de subir miles de escaleiras (non había tantas, pero a min pareceumo) chegamos ao noso destino... Espectacular, increíble, fico sen palabras cando saímos, é impresionante, é un soño ver todas aquelas formigas, que non son formigas, senón peregrinos que chegan á Catedral.*

*Non son quen de describir o que se ve alí arriba. O mellor é que cada quen faga esa excursión e poida velo e gozar cos seus propios ollos, e sabendo que necesita folgos para subir tantas escaleiras.*

*Arriba, o guía comeza a explicarnos a historia da catedral (que non é pouca) e lévanos con coidado por diferentes zonas, xa que andar por alí arriba non é moi doado. E puuuuuuuuuuu, ala vou eu ao chan!!!*

*De súpeto, alguén me axuda a levantar e decátome de que non estou no tellado, senón que estou na praza, diante da dunha igrexa descoñecida para min, e por máis que berro polos meus pais, estes non me contestan.*

*A persoa que me axuda preguntame se sei onde estou, pero a min non me sae palabra, así que el segue falando e cóntame que estou no momento no que van ampliar a catedral e relata que non é a primeira vez, senón a segunda, xa que toda a xente que a quere visitar, sobre todo no ano do Xacobeo, non ten cabida nela e é moi urxente a ampliación para que todos poidan ter acubillo nela. Segue a contar que o que me está pasando, xa lle pasou a máis xente, que so teño que mirar, disfrutar do que vexo e que en breve volverei estar cos meus pais.*

*Dito isto, miro con moita intriga e podo ver a cámara extra rápida cos meus ollos como esa igrexa descoñecida para min vai cambiando e converténdose na catedral que si coñezo. Faise cada vez máis grande a maxestosa ata ser o que hoxe en día é.*

*Num pestanexar de ollos, volvo a estar onde estaba cando caín de cu, da man do meu pai, que me axuda a erguerme do chan.*

*- Por que sorrís? – preguntolle.*

*- Porque che gusta a historia, non si? – preguntame.*

*Nese intre, doume de conta do que aconteceu... Estando alí escoitando atentamente a historia, puíden transportarme ata aquela época e vivilo coma se alí mesmo estivera. Rematada a visita, é hora de baixar esas miles de escaleiras, pero é máis sinxelo porque, como di a miña bisavoa, “subir non, pero a baixar todos os santos axudan”.*

*Unha vez abaixo, paso moito tempo admirando a Catedral. Que cambiada, que maxestosa e que bárbaro é contemplar dende abaixo o alto que estiven.*

*Despois dunha merecida comida, chega a hora de ir a casa, onde quedo durmido na cama ao chegar, soñando coa marabillosa historia do día, e soñando tamén coa que podería ser a seguinte sorpresa que me tocará disfrutar.*

FIN

